

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de setembro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D^a. Soledad Polo Lima

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e cinco de setembro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1277).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 7 de agosto de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1278).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA A FINANCIACIÓN DO PROXECTO “VACACIONES EN PAZ 2006” PARA NENOS SAHARAUIS. EXPTE. 3357/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.08.06, o informe de fiscalización de 25.08.06 e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral de Alcaldía, do 31.07.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder á asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharai”, unha subvención por un importe de 16.000 euros, con cargo á partida 111.0.489.00.03 (Axudas Internacionais Humanitarias) do orzamento prorrogado vixente, e isto con destino ó programa “Vacaciones en paz 2006” de 29 nenos saharauis.

3(1279).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. 02/4446/02 INTERPOSTO POR D. ALBERTO MARTÍNEZ ALDARIZ CONTRA ACORDO DENEGATORIO DA SOLICITUDE DE SUBROGACIÓN DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO DA RÚA CORUÑA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Alberto Martínez Aldariz contra acordo de 28.01.02, expte. 14230/240, polo que se denega a solicitude de subrogación do aparcamento subterráneo da rúa Coruña e contra desestimación presunta da reclamación de 16.11.01; sen especial mención en canto ao pagamento das custas procesuais.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

4(1280).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. 02/5670/2002 INTERPOSTO POR D^a. M^a TERESA ROMERO PERDIZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 22.09.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D^a. María Teresa Romero Pediz contra a desestimación por silencio, polo Concello de Vigo, da reclamación formulada pola recorrente o 11.04.02, en concepto de responsabilidade patrimonial; sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

5(1281).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 376/2005 INTERPOSTO POR D^a. M^a JESUS RAMIL REAL CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 16.05.06, dictada Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Con estimación parcial do presente recurso contencioso-administrativo nº PA 376/05 interposto por María Jesús Ramil Real fronte ó Concello de vigo contra a resolución arriba indicada, declárase ontraria a Dereito e a condena ó concello a aboarlle á actora a cantidade de 9.651,25 €, mais os xuros legais devengados por dita cantidade dende a data da reclamación patrimonial en vía administrtriva (20.01.03), cantidade da que responderá a Cía MAPFRE Seguros na cantidade que supera a franquicia de 9.000 €, en forma solidaria, co Concello, sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

6(1282).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 411/05 INTERPOSTO POR D. JESUS MARTÍNEZ PASEIRO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 14.03.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra desestimación presunta do Concello de Vigo da reclamación en concepto de responsabilidde patrimonial formulada polo recorrente en data 29.03.05 a fin de que se lle indemnizara polos danos e perdas sufridos o día 25.03.04 ó esbarar o ciclomotor que conducía nunha zona da calzada sobre a que había sustancia deslizante. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo, o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Jesús Martínez Paseiro fronte ó Concello de Vigo seguido como P. Abreviado número 411/05, contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

7(1283).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. Nº 291/05 INTERPOSTO POR Dª. Mª SOLEDAD BARCALA LUBIAN CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 16.05.06, dictada Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de doña María Soledad Barcala Lubián contra a resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 5.10.05, sobre sanción, que confirmo por ser axustada a dereito. Non fago condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Seguridade.

8(1284).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 196/05 INTERPOSTO POR D. ALFONSO LÓPEZ PÉREZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. AUTO DE DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 18.11.05, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Acordo ter por desistido ó actor Alfonso López Pérez do presente recurso, con imposición ó mesmo das custas causadas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Seguridade.

9(1285).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 400/05 INTERPOSTO POR D^a. M^a ISABEL UCHA RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. O AUTO INADMITE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 14.03.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Inadmitir o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de María Isabel Ucha Rodríguez fronte ó concello de Vigo no P. Abreviado número 400/05, en aplicación do disposto no art. 51.1.d) da LXCA ó entender que o presente recurso es extemporáneo.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

10(1286).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 40/06 INTERPOSTO POR D. ANTONIO DOMÍNGUEZ PARDELLAS CONTRA

DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REC. REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA SANCIÓN POR CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. REMATADO O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 8.03.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo declarar e declaro rematado por satisfacción extraprocesual o presente procedemento contencioso-administrativo interposto pola letrada Marta Barreiro Cuiñas contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra a sanción de 1.502,04 euros recaída no expediente 3019/306/2004, ó ser estimado expresamente o recurso con posterioridade, con expresa imposición de custas ó Concello demandado limitado á cantidade de 300 €.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Medio Ambiente.

11(1287).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 200/05 INTERPOSTO Dª. MARÍA DASIL LÓPEZ SANTANA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 9.11.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declarar a inadmisibilidade sobrevida do presente recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de María Dasil López Santana fronte ó Concello de Vigo, seguido como P.A. número 200/2005 por carencia do obxecto.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

12(1288).- AUTO DO TSXG NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 4113/2006 INTERPOSTO POR Dª. MARÍA DASIL LÓPEZ SANTANA CONTRA AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, EN RELACIÓN COA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta do auto de data 26.04.06, dictado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso de apelación interposto por María Dasil López Santana, contra auto de data nove de novembro de dous mil cinco dictada no procedemento PA 0000200/2005 polo Xulgado do Contencioso nº 001 de Vigo. Impóñense ó apelante as custas devengadas na segunda instancia.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

13(1289).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 332/05 INTERPOSTO POR GE CAPITAL LARGO PLAZO S.L. CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. REMATADO O PROCEDIMENTO.

Dáse conta do auto de data 08.05.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declárase rematado o presente procedemento interposto pola entidade GE Capital Largo Plazo S.L. contra ao Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocésual. Arquívese o actuado tomándose nota nos libros rexistro deste Xulgado, procédase á devolución do expediente administrativo á demandada.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo Seguridade.

14(1290).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 26/05 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DO REQUERIMENTO FORMULADO CONTRA LIQUIDACIÓN DE IBI. CADUCADO O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 28.06.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declárase caducado o presente recurso contencioso-administrativo, acordando o remate do procedemento e o seu arquivo no legaxo que lle corresponda, previa devolución do expediente ó organismo de orixe.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Departamento de Admón de Tributos-IBI.

15(1291).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 205/05 INTERPOSTO POR D^a. M^a CARMEN SALGADO PEREIRA E OUTRO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 15.03.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Inadmitir o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Enrique Novoa Piña e María del Carmen Salgado Pereira fronte ó Concello de Vigo no P. Abreviado nº 205/05, en aplicación do disposto no art. 51.1.d) da LXCA ó entender que o presente recurso é extemporáneo.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

16(1292).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO Nº R.C.A. Nº 270/05 INTERPOSTO POR COMPAÑÍA DE JESUS-PROVINCIA DE CASTILLA EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE EXENCIÓN DE PAGAMENTO DE IBI. REMATADO O PROCEDIMENTO.

Dáse conta do auto de data 2.11.05, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declaro rematado o presente procedemento, ordenando o arquivo do recurso e a devolución do expediente administrativo. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Departamento de Admón de Tributos-IBI.

17(1293).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 246/05 INTERPOSTO POR D. ADOLFO AGULLA GALLEGO EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DUN TERREO SITO NA GRAN VÍA INCLUÍDO NO INVENTARIO MUNICIPAL. O AUTO DECLARA INCOMPETENCIA DE XURISDICCIÓN.

Dáse conta do auto de data 20.02.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declárase a incompetencia desta xurisdicción contenciosa para coñecer do asunto obxecto do presente recurso, por entender competente para o seu coñecemento ó orde xurisdiccional civil.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

18(1294).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE EN CEDRO SEGUNDO O IPC XUÑO 2005-XUÑO 2006. EXPTE. 16715/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 17.07.06, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, a Delegada da Área de

Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Facenda e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar, en execución do punto 3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de vixiancia na unidade asistencial Cedro, adxudicado pola Comisión de Goberno en sesión do 26 de maio de 2003, a nome de Securitas Seguridad España, S.A., disposición de crédito por importe de 2.010,58 € na partida 4123.2270100 como incremento do prezo de contrato, por efecto da revisión de prezos, en función da variación do IPC nacional no período xuño/2005-xuño/2006, quedando establecido o prezo do contrato para o período xuño 2006 a xuño 2007 na cantidade de 53.563,99 euros.

19(1295).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE TROFEOS DESTINADOS A SER UTILIZADOS COMO PREMIOS INSTITUCIONAIS. EXPTE. 6022/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 28.08.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Deportes Effort, S.L. o concurso para a contratación da subministración de trofeos destinados a seren utilizados como premios institucionais. Expte.6022/333, por un importe de 36.144,58 euros/ano, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22.05.2006 e a oferta presentada.

20(1296).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE MANUFACTURAS DEL LEREZ S.L. POLA SUBMINISTRACIÓN DE REXILLA ANTIVANDÁLICA ABISAGRADA. EXPTE. 1426/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do enxeñeiro de Montes, do 11.09.06, o informe de Intervención Xeral do 13.09.06 e de conformidade o informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 18.09.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Manufacturas del Lerez S.L. a fianza de 720 € constituída para responder da subministración de rexilla antivandálica xa que foi recibida mediante acta de 14.11.05 conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

21(1297).- RECLAMACIÓN DE D. ANGEL ALONSO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 831/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 8.09.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Ángel Alonso González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de febreiro de 2005, no que expón que o día 6 de setembro de 2004, a finca de súa propiedade, sita na rúa Cambeses número 43, sufriu unha inundación ó non poderen evacuar os sumidoiros da Avda. Ramón Nieto todo o caudal das fortes chuvias que caeran, producíndose danos materiais cifrados en 900 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 07/09/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Alonso relátalles o accidente ocorrido, podendo os axentes observar a existencia de barro no terreo sinalado.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, con data 17/03/2005.*
- Evacuáase trámite de audiencia á concesionaria Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 28/02/2006.*
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 08/02/2006.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avalíabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano, procede examinar en primeiro lugar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, e en segundo lugar a cuantificación económica do dano.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a existencia dunha rede de sumidoiros. O Concello,

como titular desta rede, é responsábel da súa suficiencia para os fins ós que vai destinada, entre os que se encontra o de recollida das augas de chuvia. En consecuencia a Administración queda obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que manifesten a súa insuficiencia

Segundo se desprende do expediente, as inundaciones producíronse por mor das fortes chuvias caídas entre os días 4 e 6 de setembro de 2004 o que a súa vez provocou que se superase a máxima capacidade de transporte dos colectores existentes. Que o incidente se debese a fortes precipitacións non é suficiente para aplicar a excepción de forza maior de artigo 139.1 antes citado. Así o recolle a sentenza de Tribunal Supremo de 3 de outubro de 1994 cando di que “el concepto jurídico de fuerza mayor está reservado a los acontecimientos ajenos a las previsiones típicas de cada actividad, o, como señala la Sentencia de la antigua Sala 4ª. Del Tribunal Supremo de 3 noviembre 1988, “al suceso que está fuera del círculo de actuación obligado, que no hubiera podido preverse o que previsto fura inevitable, pero no aquellos eventos internos intrínsecos, ínsitos en el funcionamiento de los servicios públicos, sin que unas fuertes lluvias en la provincia de Asturias puedan considerarse tan imprevisibles que deban sin más encuadrarse en el supuesto exonerante de fuerza mayor”.

En canto á cuantificación económica, esta administración rexeita a factura achegada e acóllese á valoración do informe pericial emitido pola compañía aseguradora MAPFRE de data 21 de decembro de 2004. E iso por ser a factura de data moi posterior ó incidente e recoller conceptos que non gardan relación coa natureza do sinistro nin co informe pericial de danos, que non mencionaba a necesidade de reparar nin o tellado nin o piso do garaxe e almacén de ferramentas.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Ángel Alonso González, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade, debendo indemnizar ó reclamante na contía de 900 euros, correspondentes ó valor do desescombros e do seu garaxe e almacén de ferramentas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1298).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARGARITA MORÁN MÁRQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16683/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 15.09.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Margarita Morán Márquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de outubro de 2003, no que expón que o día 30 de marzo de 2003, mentres camiñaba pola rúa Camelias, á altura do número 44, caeu por mor dunha tapa de rexistro que se atopaba levantada e en malas condicións, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de novembro de 2003, no que manifestan que na data do informe o rexistro da rede de abastecemento en mal estado, pertencente á concesionaria Aqualia, xa se atopaba reparado.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 10.198,83 euros.
- Práctica de proba testifical, con data 03/02/2005, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os feitos alegados pola Sra. Morán.
- Informe da U.T.E Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 15/06/2006.
- Evacuáase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 06/07/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

De producirse o dano no funcionamento dun servizo público ou actividade da Administración, tal servizo está asumido por un concesionario, polo que sería preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous sería o responsábel do dano, e polo tanto o obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria.

Respecto á existencia do dano soportado, o único que relaciona as lesións que sofre a reclamante co funcionamento normal ou anormal do servizo municipal de augas é a propia declaración da reclamante, prestada transcorridos máis de seis meses desde o día dos feitos, e mais a testifical do seu propio marido, que se presta transcorridos case dous anos desde a mesma data. É certo que a reclamante achega fotografías dunha tapa de rexistro en mal estado

de conservación como a descrita na reclamación. Pero estas fotografías por si mesmas non acreditan nada. Puideron ser tomadas non só en calquera momento, senón en calquera lugar ó non haber elemento de referencia ningún que permita situar esa tapa á altura do nº 44 da rua Camelias. Por outro lado o servizo de Vías e Obras e concesionaria Aqualia desvirtúan o relato dos feitos. Vías e obras manifesta que cando se presenta no suposto lugar dos feitos o 10 de novembro de 2003 a tapa non presenta deficiencias; Aqualia manifesta o mesmo e que non ten constancia de ningún aviso por deficiencias na citada tapa, nin de ter realizado ningunha actuación na citada zona. Tampouco se achega ningún parte de actuación da Policía Local, cando a práctica xeneralizada nesta cidade ante situacións como esta é a de requerir a súa presenza para que quede constancia do sucedido. Por tanto, dona Margarita Morán Vázquez non achega ningunha proba consistente de que exista unha relación de causalidade directa e inmediata entre as lesións por ela sufridas e o funcionamento normal ou anormal da Administración, neste caso un deficiente estado de mantemento da rede de subministración de auga a cargo de Aqualia. Por tanto, ante a inexistencia de nexo causal acreditado, procede desestimar a pretensión de dona Margarita.

Así pois, dos documentos obrantes no expediente, aínda que se pode constatar que Dona Margarita Morán Vázquez sufriu algún tipo de dano, non existen elementos suficientes para acreditar a relación destes danos cun funcionamento normal ou anormal do servizo municipal de augas. Tal como di a Sentenza do Tribunal Supremo de sete de decembro de 1981, conforme a teoría xeral da carga da proba “al ser la responsabilidad de la Administración objetiva, para que la obligación de indemnizar nazca basta con que el daño material e individualizado no sea consecuencia de fuerza mayor y proceda del funcionamiento normal o anormal de los servicios públicos en relación de causa a efecto; correspondiendo la prueba del daño sufrido y su origen al particular que solicita la indemnización, y la del hecho impositivo de la pretensión, fuerza mayor, a la Administración demandada”.

Por último, en resposta ás alegacións feitas pola reclamante no trámite de audiencia, a mero título informativo, facer unhas simples precisións. Ó contrario que afirma Dona Margarita no seu escrito de alegación con data de entrada 6 de xullo de 2006, que AON Gil y Carbajal emitise un informe sobre os danos a partir da documental obrante no expediente non significa que este concello considerara debidamente acreditados os danos nin os recoñecese. AON Gil y Carbajal límitase a realizar unha estimación do dano alegado a petición deste Concello, non asumindo en ningún momento que os danos sexan certos. Ó contrario, no seu propio informe sinala que a información clínica é moi confusa, con informes e certificados médicos que pretenden imputar diagnósticos novos, sen solución de continuidade causal nin confirmación posterior; que se inclúen na reclamación numerosas e moi graves secuelas que son imposíbeis de atribuír ó accidente; e que a valoración do dano corporal que se remite seguramente sexa moi superior á real e que nunca debería ser aumentada. Finalmente, a documental presentada pola reclamante, ademais de ser confusa, só proba a existencia dunha serie de lesións, pero non a súa orixe. Nada, salvo a propia palabra de Dona Margarita relacionaas co funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dona Margarita Morán Vazquez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1299).- AMPLIACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE I+D “INVESTIGACIÓN E MUSEALIZACIÓN DA VILA ROMANA DE TORALLA”. EXPTE. 3470/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.08.06 e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 31.07.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a ampliación dos contidos do proxecto de I+D “Investigación e Musealización da villa romana de Toralla” recollidos no punto segundo da renovación do convenio de colaboración, asinado entre a Universidade e o Concello de Vigo, o 21/04/05 (texto aprobado pola C. de G. de 11/04/05), recollida no documento presentado polo director do proxecto, D. Fermín Pérez Losada o 20/07/06.

2º.- En consecuencia, aprobar a aportación económica adicional desta ampliación que ascende á cantidade de 21.368,94 euros.

3º.- Acordar que dita aportación adicional de 21.368,94 euros, se incorpore á anualidade xa prevista na renovación do convenio no exercicio económico de 2006, sumando un total de 86.103,37 euros con cargo á partida 453.6100001.

4º.- En consecuencia, aproba-lo texto que recolle o compromiso desta modificación, a asinar polos representantes de ámbalas partes, Universidade de Vigo e Concello de Vigo.

En Vigo, a de de 2006

COMPARECEN

Dunha parte, a UNIVERSIDADE DE VIGO (en adiante UVI), con C.I.F. Q-8650002 B e, no seu nome e representación, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Vicerrector de Investigacións,

Doutra parte, o CONCELLO DE VIGO (en adiante Concello), con C.I.F. P-3605700 H e, no seu nome e representación, D. Ignacio López-Chaves Castro, Concelleiro delegado de Patrimonio Histórico.

Ámbolos dous representantes, recoñécendose mutuamente capacidade xurídica, subscriben en nome das respectivas entidades o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que con data 21 de maio de 2002 ambas entidades suscribiron un convenio de colaboración para desenvolver un proxecto de I+D titulado “Investigación e musealización da vila romana de Toralla”. Este convenio tiña unha duración prevista de 26 meses computables a partir da data de sinatura do mesmo. Como

contraprestación para a realización do proxecto o Concello de Vigo comprometeuse a financiar este contrato inicial cun importe de 306.082,60 euros.

SEGUNDO.- Que con data 11 de xullo de 2003 ambas entidades suscribiron unha modificación do devandito convenio. Como contraprestación para a realización das novas actuacións adicionais a realizar pola UVI, o Concello de Vigo comprometeuse a financiar as mesmas cun importe de 56.440,03 euros, adicional ó importe económico de 29.663,34 euros previsto inicialmente para o exercicio económico do 2004.

TERCEIRO.- Que, como consecuencia de circunstancias alleas ás partes, as aportacións económicas previstas para o ano 2004 no convenio inicial e na súa modificación, que sumaban un total de 86.103,37 euros, non foron executadas, polo que con data 21 de abril de 2005, as partes asinan unha renovación do convenio inicial, que recolle que estes 86.103,37 euros constitúan o pagamento do ano 2005, mentres se destinan 64.734,43 euros para o exercicio económico do ano 2006.

CUARTO.- O responsable do desenvolvemento do Proxecto por parte da UVI é o profesor D. Fermín Pérez Losada, adscrito ó Depto. de Historia, Arte e Xeografía da Facultade de Humanidades de Ourense. O responsable do desenvolvemento do Proxecto por parte do Concello é D. Ignacio López-Chaves Castro, Concelleiro delegado de Patrimonio Histórico.

QUINTO.- De conformidade co previsto na cláusula cuarta do Convenio inicial, tendo en conta que polas circunstancias producidas na execución do mesmo non se consideran cumpridos aínda os seus obxectivos, é necesario ampliar o Convenio para executar as actuacións previstas.

Polo que as partes

ACORDAN

PRIMEIRO.- A ampliación das investigacións obxecto do mencionado convenio de mutuo acordo, conforme ó sinalado na súa cláusula novena.

SEGUNDO.- A UVI comprométese a realizar as seguintes novas actuacións:

- Ampliación da escavación no perfil norte, na área da probable salina romana.*
- Ampliación da actuación de conservación – restauración, para executar as recreacións do hipocausto e a actuación sobre pavimentos.*

TERCEIRO.- O Concello de Vigo comprométese a financiar estas actuacións adicionais con un importe de 21.368,94 euros, IVE incluído, complementario ó inicialmente presupostado para o ano 2006, de 64.734,43 euros, polo que o financiamento no exercicio 2006 ascende a 86.103,37 euros.

Dita cantidade farase efectiva do xeito seguinte:

- un 50% no momento da sinatura do convenio (43.051,68 euros).*
- o 50% restante (43.051,68 euros) ó remate do ano, previa presentación da memoria técnica e económica das actividades realizadas.*

As aportacións económicas faranse trala correspondente certificación de conformidade dos traballos realizados, emitida polo Servizo de Patrimonio Histórico.

CUARTO.- Co cumprimento das obrigas anteriores e a sinatura do presente documento nengunha das partes podera esixir da outra ningunha outra obriga adicional referente o contrato inicial.

Tendo lido o presente por si mesmos e achándose conformes, asínano por duplicado e a un só efecto, no lugar e data anteriormente citados.

24(1300).- CESIÓN GRATUITA AO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E DO SOLO DA PARCELA NÚMERO XVII-A PREVISTA NA MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 4617/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral de 21.09.06, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 19.09.06, conformado polo secretario do Consello da Xerencia, que di o seguinte:

O Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e do Solo asinaron un convenio o 30.01.92 polo que o segundo se comprometía á preparación de solo residencial nos terreos situados na zona Oeste da cidade, intermedia entre o casco urbano-Travesas e a zona de Samil, clasificados como solo urbanizable non programado, cunha superficie aproximada de 76,3 hectáreas. Entre as súas determinacións, se preveía a cesión libre de cargas os viais e servizos previstos no proxecto de urbanización, os parques e xardíns públicos, a zona deportiva pública etc...así como o 15% do aproveitamento tipo da área de reparto, que se destinará polo Concello, na súa totalidade, preferentemente á construción de vivendas de protección oficial de iniciativa pública.

O mesmo día, asinouse entre ambas Administracións un acordo marco de cooperación en materia de vivenda e solo residencial.

A Xunta de goberno local en data 22.06.05 aprobou o texto do convenio polo que se ceden a titularidade dos terreos obxecto de cesión obrigatoria. Entre eles, consta a parcela XVII-A no que se concreta parte do aproveitamento urbanístico atribuído legalmente ó Concello.

O 18.08.05 o delegado provincial da Consellería de política territorial, obras públicas e vivenda, solicita o seguinte: "(...) que se realicen os trámites oportunos para a cesión gratuita da referida parcela XVII, ordenanza R-12 do polígono de Navia -superficie 5456 m2, edificabilidade de 50.864 m2- para a construción de 384 vivendas de promoción pública. Indicar que o IGVS xa contratou a redacción do proxecto básico de construción, polo que este trámite de cesión da parcela XVII é necesario para continuar co proceso de licitación da obra (...)"

A parcela está inscrita no Rexistro da propiedade número tres de Vigo, no libro 1279, folio 180, finca 70.796, inscrición primeira. No momento de expedición da certificación, constátase a presenza dun erro na descripción da finca 70.796. Según os datos da modificación do plan parcial de Navia a parcela número XVII ten a posibilidade de construción de 384 vivendas. Promoverse a rectificación de tal extremo.

O 13 de xuño de 2006 o Xerente municipal de urbanismo insta a incoación e tramitación de expediente de cesión gratuita da parcela XVII-A contida no Plan Parcial de Navia.

O 14.06.06 a arquitecta municipal da oficina de planeamento informa sobre a aptitude urbanística da parcela: "(...) Se redacta este informe co fin de determinar as condicións urbanísticas dunha parcela de titularidade municipal situada no P.P. de San Paio de Navia. A mencionada parcela resulta da cesión parcial do aproveitamento do sector. O P.P. de Navia (nºexpte7849/411) foi aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o 25 de abril de 2005. No Plan Parcial reflíctense as diferentes parcelas cada unha delas coa correspondente ordenanza de aplicación. Dito Plan Parcial establece na parcela 17 como ordenanza de aplicación a R.12. coas seguintes características:

- PARCELA 17:

Superficie: 5.540 m².

Edificabilidade total 50.684 m²: 42.500 m² para vivendas e 8.184 m² para terciario.

Nºmáximo de vivendas: 384.

- USOS:

Uso predominante: residencial colectivo.

Na planta baixa establécense como usos compatibles: Comercial, oficinas, lugares de reunión- excluídas discotecas e cafés concerto-, artesanía e pequena industria categoría 1.

Plantas soto: uso garaxe-aparcamento.

- OCUPACIÓN: máxima en planta baixa e entreplanta: 75%. La superficie restante se reservará para soportales.

- ALTURA: Baixa e catorce plantas (B+14).

No documento do Plan Parcial non consta a vinculación da parcela a unha determinada finalidade específica que non sexa o uso residencial (salvo os usos terciarios anteriormente sinalados na planta baixa) (...)"

Por resolución de 15.06.06, en base o informe proposta do técnico de admón xeral, propúsoxe a apertura dun trámite de información pública por un prazo de vinte días. Para elo se publicou o anuncio no Boletín Oficial da Provincia o 14 de xullo de 2006 e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo. Durante o referido trámite non se presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Natureza do ben cedido con ocasión do acordo da Xunta de goberno local de 22.06.05 polo que se aproba o convenio de cesión de titularidade da parcela XVII.- A parcela cedida ten a natureza de patrimonial (consta no Rexistro da propiedade número 3 de Vigo, no libro 1279, folio 180, finca 70796, inscrición primeira) e forma parte do denominado patrimonio municipal do solo. O destino necesario de tal inmovible ven previsto no apartado primeiro do artigo 177 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. Na letra a) prevese a posibilidade de destinar as parcelas do PMS para a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública. Tal contido é reprodución exacta da prevista na lexislación básica estatal, en concreto no artigo 280 do real decreto lexislativo 1/92, de 26 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e ordenación urbana. A cesión que se pretende, permite o cumprimento da finalidade primaria dos aproveitamentos atribuídos ó Concello correspondentes a participación na xestión urbanística de polígonos, tal e como se establece no artigo 177.3 da Lei 9/02. O artigo 177.4 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que os municipios poderán ceder gratuitamente os bens incluídos no patrimonio municipal do solo, nos supostos previstos na lexislación vixente, con destino á construción de vivendas de protección pública ou equipamentos comunitarios. O Instituto Galego da Vivenda e do Solo é un organismo

autónomo pertencente á actual Consellería de Vivenda e solo, según a Lei de su creación (Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo e Decreto 288/1988, do 29 de setembro, de desenvolvemento da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo), correspóndelle a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia co fin de garanti-los dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, especialmente para os sectores con menos capacidade económica, e a unha utilización do solo de acordo co interese xeral, erradicando a especulación e actuando como elemento de regulación do mercado inmobiliario e de mellora da calidade ambiental. É unha función expresamente atribuída a de promoción pública de vivendas de protección oficial e as súas edificacións complementarias e equipamentos; a redacción e supervisión de proxectos de vivendas, en execución ou rematadas e a rehabilitación pública de vivendas e equipamentos, así como a aplicación do seu réxime de uso, conservación e aproveitamento. Nas condicións de cesión deberá necesariamente figurar o suposto previsto no apartado 3º do artigo 26 do decreto 257/2004 sobre réxime das vivendas de promoción pública, locais de negocio e solo de promoción pública.

2.- Procedemento legalmente establecido para a cesión gratuita ó IGVS da parcela XVII-A incluída no expediente de modificación do plan parcial de Navia.- O artigo 110 do real decreto 1.372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais, establece que a cesión gratuita dos bens requirirá acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, previa instrucción do expediente correspondente. No mesmo consta proposta do Xerente municipal de urbanismo de 13.06.06 no que se xustifica a procedencia da incoación do expediente. Así mesmo, forma parte dos antecedentes do acordo os diferentes convenios asinados polo Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e do Solo. No mesmo consta a documentación e trámites previstos no artigo 110 do real decreto 1372/86. Necesariamente deberá ser formalizada a cesión en escritura pública e inscrita no Rexistro da propiedade.

3.-Implicacións tributarias do acordo de cesión.- Tanto a Xurisprudencia como a Doctrina, considera na actualidade que o Concello actúa como un empresario máis para os efectos do IVA. A Dirección Xeral de Tributos, considera que as entregas de parcelas ou terreos por entes públicos se realizan no exercicio dunha actividade profesional ou empresarial (p. ex. Contestación á consulta de 18 de febreiro de 2001 -JUR 2001, 192238-), nos seguintes supostos: 1. Cando as parcelas ou terreos transmitidos estivesen afectos a unha actividade empresarial ou profesional desenvolvida por un ente público; 2.- Cando as parcelas ou os terreos transmitidos foran urbanizados polo Concello; 3. Cando a realización das propias transmisións de parcelas ou terreos efectuadas polo ente público determinasen, por ís mesmas, o desenvolvemento dunha actividade empresarial, al implicar a ordenación dun conxunto de bens personais e materiais para intervir na produción e distribución de bens e servizos, asumindo o risco e ventura que poidera producirse no desenvolvemento da actividade. Todo elo pese a que nun principio a propia Sexta Directiva comunitaria exclúe da consideración de suxeito pasivo do IVE ós entes públicos cando exerzan funcións públicas. Non obstante, o artigo 4.5 da aludida Sexta Directiva establece que necesariamente deberán considerarse como suxeito pasivo sempre e cando a actividade pública puidera producir distorsións na competencia. Pese a condición de ser unha cesión gratuita, poderíase tratar dunha operación suxeita ó supoñer unha entrega de bens. Non obstante a propia Lei do IVE prevé un suposto de non suxeición no artigo 7.8º que podería entenderse de aplicación no presente caso. En concreto, dispoñe tal artigo que quedarán no suxeitas ó IVE as entregas de bens e prestacións de servizos realizadas directamente polos entes públicos sen contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria. Son dous as dúbidas que se plantexan, en primeiro lugar, polo feito de que se dubida se o Concello no presente caso actúa (para os efectos do IVE) coa condición de empresario ou como Administración pública e non exercizo de funcións públicas. En segundo lugar, o término contraprestación do apartado 8º do artigo 7 é confuso e non permite subsumir de xeito indubitado o suposto previsto no artigo 26.3 do decreto 257/2004 no término contraprestación. Non obstante, por prudencia o informante entende que se debe entender como unha operación suxeita e polo tanto, remitir unha factura repercutindo o tipo impositivo do IVE que corresponda (16%). Por outra parte, tendo en conta o previsto no artigo 26.3 do decreto 257/2004, sobre réxime xurídico das vivendas de promoción pública, locais de negocio e solo de promoción pública, o Concello ten dereito

o 10% das vivendas resultantes ou da superficie útil edificada. Esta previsión regulamentaria poderá ser transformada en locais comerciais para fins de interese público ou social. Por dita adquisición, o Instituto Galego da Vivenda deberá expedir factura polo importe que corresponda atendendo o tipo impositivo pertinente (4% se é vivenda ou 16% se son locais comerciais, artigo 90 e 91 da Lei 37/92, de 28 de decembro, polo que se aproba a Lei do IVE). O devengo do imposto se produce para ambas operacións, no momento de formalización en escritura pública da cesión.

4.- Aplicación da normativa vixente en materia de vivenda de promoción pública.- Tendo en conta o artigo 26.3 do decreto 257/2004, sobre réxime xurídico das vivendas de promoción pública, locais de negocio e solo de promoción pública, pola operación que se propoñe, se deberá recibir o dez por cento das vivendas resultantes ou da superficie útil edificada. Así mesmo, prevese a posibilidade de percibir dita previsión normativa en metros cuadrados exactos de superficie de baixo comercial para destinalos a usos ou finalidades de interese público ou social. Dado o estado de tramitación do expediente, actualmente non existe unha decisión do xeito, lugar e ubicación concreta dos inmobles a ceder polo IGVS, polo tanto, recoméndase que se determinen as condicións de cesión nun documento ou convenio posterior o acordo de cesión.

5.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 110.1 do real decreto 1372/86, procedería a adopción do acordo de cesión polo Pleno do Concello, coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. Non obstante, o artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (introducido pola Lei 57/03), atribúe á Xunta de goberno local a adopción de calquera acto de xestión, adquisición e alleamento do patrimonio.

Por todo elo, de acordo co informado, SE PROPOÑE O SEGUINTE:

1.- Acordar a cesión gratuita da parcela número XVII prevista na segunda etapa do Plan Parcial de Navia. Non obstante, precisaxe que con carácter previo, de acordo co establecido no real decreto legislativo 2/2004, é necesaria a emisión do preceptivo informe de intervención.

2.- Notificar o presente acordo ós interesados, comunicando que contra o mesmo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ante esta administración ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses no xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1301).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A BERA DISTRIBUCIONES TEXTILES S.L. POR ACCESO DE CAMIÓN POLA RÚA PROGRESO ATA RÚA VELÁZQUEZ MORENO. EXPTE. 50124/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 18.09.06, conformado polo delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 03 de abril de 2003 e con número de documento 30031657, solicitouse permiso de circulación de camións cun peso máximo de 26 toneladas, pola r/ Progreso ata a r/ Velázquez Moreno, 42, por motivo de obras na edificación. No oficio da Policía Local remitido a iste servizo, con número de expediente 4479/2003 de data 22 de

maio de 2003, onde nos solicitan informe coas condicións, previo a concesión do permiso de circulación. Informado por iste servizo con data 29 de maio de 2003, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, debendo condicionar o mesmo, ó depósito dunha fianza de 40.000 € - cuarente mil euros), polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal no percorrido dos camións, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200300029415 de data 09 de xuño de 2003.

Solicitada a devolución da fianza, na solicitude con data de entrada no Rexistro Xeral de, 29-08-2006, e con número de documento 60090918, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 13-09-2006 e comprobouse que o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (40.000 € – cuarenta mil euros), a favor de BERA DISTRIBUCIONES TEXTILES, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de (40.000 € – cuarenta mil euros), a favor de BERA DISTRIBUCIONES TEXTILES, S.L

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(1302).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE FAMILIA E INFANCIA POR UN PERÍODO DE CATRO MESES. EXPTE. 17434/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 19.09.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Con data 13 de febreiro de 2006 iniciouse expediente número 13365-301 para a contratación dun dispositivo que desenvolva o programa de familia e infancia ó que figuran unidos os pregos de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas que rexeran a licitación.

O servizo de Familia e Infancia estase a prestar na actualidade pola empresa “Gabinete de Traballo Social Grupo 5,S.L.”, contrato en prórroga que finaliza o 30 de setembro de 2006.

A nova contratación tería que comezar a rexer a partires do 1 de outubro de 2006.

Que a data de hoxe non foi concluído o da nova contratación, motivo polo que se contactou co actual adxudicatario, “Gabinete de Trabajo Social Grupo 5, S.L.” , solicitándolle unha prórroga na prestación dos servicios por un prazo máximo de catro meses, desde o vindeiro día 1 de outubro ó 31 de xaneiro de 2007, nas mesmas condicións dos pregos administrativos e particulares do contrato en vigor, prórroga que foi aceptada segundo comparecencia asinada no Departamento de Benestar Social.

En base ó anterior proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aproba-la prórroga do contrato en vigor do servizo de Familia e Infancia, do cal é adxudicatario a empresa “Gabinete de Traballo Social Grupo 5, S.L.” por un prazo máximo de catro meses a partir do 1 de outubro próximo, nas mesmas condicións dos pregos administrativos e particulares do contrato en vigor.

Aproba-lo gasto por importe total de CENTO CORENTA E DOUS MIL CENTO SESENTA E SETE (142.167) EUROS, IVE incluído, a favor de Gabinete de Trabajo Social Grupo 5, S.L.con cargo ó funcional 3130 – Benestar Social-, partida 2260806–Programa de infancia e familia- dos que 106.625,25 van con cargo o exercicio económico 2006 e 35.541,75 con cargo ó exercicio de 2007.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1303).- ABOAMENTO DE ATRASOS EN CONCEPTO DE NOCTURNIDADE E FESTIVIDADE, PERÍODO XANEIRO-MAIO 2006. EXPTE. 16667/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable RC emitido por Intervención Xeral, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 21.09.06, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Resultando necesario dar efectivo cumprimento ao acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión de data 31/03/2006, relativo á modificación puntual do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo” en canto aos importes a das gratificacións por horas extraordinarias en concepto de festividade e nocturnidade con efectos de 1 de xaneiro de 2005, así como da orde do servizo dictada pola Alcaldía en data 04/08/2006;

Vista a insuficiencia de crédito existente na partida 121.01510000 (gratificacións) para facer fronte ao gasto en concepto de atrasos correspondentes aos meses de xaneiro a maio do ano 2006 (ambos inclusive) e ao abeiro do disposto na Base 9ª das Bases de Execución dos presupostos municipais prorrogados para o presente exercicio económico 2006, onde se sinala que serán competencia da Alcaldía aquelas transferencias de crédito que afecten a créditos de persoal e as que non estén expresamente atribuídas ao Pleno, foi realizada unha transferencia de crédito por Decreto de Alcaldía de data 22/09/2006, previo informe favorable da Intervención Xeral, incrementándose a devandita partida en 248.783,37 euros con cargo a vacantes de persoal.

Considerando a executividade dos actos administrativos recollida nos artigos 56 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como consignado nas vixentes Instrucións de Plantilla en canto aos supostos regulamentariamente consignados de devengo retributivo en concepto de gratificacións, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/05/2005 e publicadas no BOP nº 108, do martes de 7 de xuño do 2005; vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previo informe favorable da Intervención Xeral, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar, en cumprimento do acordo plenario de data 31 de marzo de 2006 relativo á modificación puntual do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo en canto ao incremento do importe das gratificacións en concepto de nocturnidade e festividade, o aboamento dos atrasos no devandito concepto devengados entre os meses de xaneiro a maio do presente ano 2006 (ambos inclusive) dos diferentes servizos municipais recollidos nos expedientes administrativos nºs 16593/220 e 16.628/220 que se adxuntan ao presente, por un importe de 248.783,37 euros euros con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00 (gratificacións).

“Segundo.- Dése conta do presente acordo á Intervención Xeral e Tesoureiría Municipal a efectos de que se proceda ao aboamento efectivo das gratificacións indicadas.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1304).- ACLARACIÓNS AO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS QUE REXEN A CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PUBLICITARIA EN SOLO PÚBLICO DE MARQUESINAS PARA PARADAS DE AUTOBUS, SOPORTES DE INFORMACIÓN E DEMAIS ELEMENTOS URBANOS DE INTERESE. EXPTE. 72280/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 22.09.06, conformado pola xefa da Área de Mobilidade e Seguridade e o xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

A empresa “El Mobiliario Urbano, S.L.,” presentou no Rexistro Xeral do Concello de Vigo presentou no Rexistro Xeral do concello de Vigo unha solicitude de aclaracións ó prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexen a contratación da instalación, conservación, e explotación publicitaria en sólo público de marquesinas para paradas de autobus, soportes de información e demais elementos urbanos de interese.

Polos servizos de Contratación e pola Area de Seguridade e Mobilidade se fai a seguinte proposta de contestación das preguntas formuladas polo licitador.

ACLARACIÓN Nº 1

Número de exemplares da oferta a presentar

O ARTIGO 11 DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“(...) A documentación técnica e económica terá que ser presentada por duplicado, en formato dixital (CD)” (...)

Aclaración:

Entendemos que cada licitador debe remitir 2 exemplares da oferta presentada, dos cales:

- un en formato papel*
- un en formato dixital*

¿E correcta a nosa interpretación?

Resposta: SI

ACLARACIÓN Nº 2

Copia simple do sobre

O ARTIGO 12 DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“Os licitadores teñen dereito a obter unha copia selada dos sobres que conteñan a súa proposición. A tal efecto acompañarán copia simple dos mesmos.”

Aclaración:

Entendemos que o licitador debe acompañar no momento de remiti-la oferta unha copia simple da parte exterior de cada un dos dous sobres para que o Excmo. Concello poda selalas e remitalas ós licitadores e non unha copia do contido íntegro dos dous sobres que constitúen a oferta.

¿E correcta a nosa interpretación?

Resposta: SI

ACLARACIÓN Nº 3

Inscripción no rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia

O ARTIGO 11 DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“Os que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, de 20 de setembro (D.O.G. nº 200 do 16 de outubro de 2001), están exentos de presentar a documentación que obre en rexistro e que, no seu caso, esté vixente, e que correspóndese cos apartados a), b), c) do artigo 11ª), así como os relacionados nos apartados a) e c) da cláusula seguinte relativa a empresas estranxeiras.”

Os licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia non deben aportar-la documentación esixida nos apartados a), b), c) do artigo 11ª) do prego de condicións xurídico-administrativas. Entendemos polo tanto que non constitúe unha obrigaón para os licitadores xustifica-la súa pertenza a dito Rexistro se estes últimos aportan os documentos esixidos nos apartados a), b), c) do artigo 11A), así como o resto da documentación administrativa solicitada.

¿E correcta a nosa interpretación?

Resposta: SI

ACLARACIÓN Nº 4

Iso 9001

O ARTIGO 11 DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“Artigo 11.- LICITACIÓN

“-Certificado na norma UNE EN ISO 9002 para as actividades de fabricación, venda ou mantemento de mobiliario urbano.”

Aclaración:

Entendemos que a norma á que fai referencia o artigo 11 é a ISO 9001, para actividades de fabricación, mantemento e venda que substituíu a norma ISO 9002, citada en dito artigo.

Polo tanto o certificado que os licitadores deben presentar no sobre número 1, documentación administrativa, é o da norma ISO 9001.

¿E correcta a nosa interpretación?

Resposta: Aceptaranse tódalas ISO serie 9000 en canto se refiran a actividades de fabricación, venda ou mantemento de mobiliario Urbano.

Lembrase ademais que esta non é a única forma de acredita-la solvencia técnica que figura no prego de cláusulas administrativas.

ACLARACIÓN Nº 5:

Variantes

O ARTIGO 21 DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“PCA Art. 21: Os licitadores poderán presentar diferentes propostas alternativas con todas a súas variantes diferentes e completas sobre o deseño dos elementos de mobiliario urbano, pero non así sobre o canon proposto que será único independentemente dos modelos de mobiliarios propostos polo licitador.

Asemade non se permitirán variantes ou alternativas que impliquen a permanencia total ou parcial do mobiliario actualmente existente na cidade.

O número máximo de variantes sobre os elementos de mobiliario urbano relacionados na cláusula 2.2 do prego de condicións técnicas non poderá ser superior a 3.”

O PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PREVÉ O SEGUINTE:

Artigo 2.2.A.-

“PCT Art. 2.2: A.- Nas variantes de marquesinas para beirarrúa estreita, e para aqueles casos en que esta estea localizada en lugares onde o seu contorno o aconselle se permitirán deseños diferentes, sempre dentro da mesma liña de produto, se ben os licitadores proporán un modelo unificado de marquesina para toda a cidade, independentemente de que a súa instalación se realice en zonas urbanas como zonas rurais.”

Artigo 2.2.C.-

“PCT Art. 2.2: C.- (soportes de información estátivos e interactivos): Poderán achegarse até tres modelos por elemento e tres variantes por modelo, atendendo fundamentalmente a manter unha liña de produto e adaptando ao contorno urbano e, especialmente ao tipo de información, a que se destine.”

Solicitude de aclaracións:

Da interpretación conxunta dos distintos artigos dos pregos antes mencionados entendemos o exposto a continuación:

1) Entendemos que para o punto A (marquesinas) do artigo 2.2

. Os licitadores poderán presentar ata 3 variantes de modelos para as marquesinas, é dicir 3 liñas de modelos totalmente distintas.

. Ademáis entendemos que para cada un dos 3 modelos de marquesina presentados no seu caso, os licitadores poderán presentar diferentes adaptacións de deseños (por exemplo, marquesinas máis estreitas para adaptarse a situacións topográficas específicas, como beirarrúas estreitas ...), mantendo non obstante ditas adaptacións a mesma liña do produto de cada un dos 3 modelos propostos.

¿E correcta a nosa interpretación?

2) Así mesmo, entendemos que para o punto C do art. 2.2, los licitadores poderán presentar:

- Soportes de información estáticos

. Ata 3 modelos (por exemplo 3 tipos e formatos distintos de soportes de información segundo o tipo de información a que se destinan)

. E ata 3 variantes para cada un dos 3 modelos presentados (por exemplo 3 deseños distintos para cada tipoloxía de soporte)

Polo tanto cada licitador poderá presentar ata 9 propostas distintas de soportes de información estáticos

- Soportes de información interactivos

. Ata 3 modelos (por exemplo 3 tipos e formatos distintos de soportes de información segundo o tipo de información a que se destinan)

. E ata 3 variantes para cada un dos 3 modelos presentados (por exemplo 3 deseños distintos para cada tipoloxía de soporte)

Polo tanto cada licitador poderá presentar 9 propostas distintas de soportes de información interactivos

¿E correcta a nosa interpretación?

3) Finalmente, entendemos que para os demais mobiliarios descritos no artigo 2.2, os licitadores poden presentar ata 3 variantes sobre o deseño dos mobiliarios urbanos, é dicir tres modelos distintos.

¿E correcta a nosa interpretación?

Resposta :

MARQUESINAS

Os licitadores poderán presentar 3 variantes de modelo de marquesina e dentro de cada unha das 3 variantes; diferentes adaptacións de deseño para adaptarse a situacións topográficas específicas.

RESTO DO MOBILIARIO

3 variantes de modelo con excepción dos soportes publicitarios estáticos en que se poderán presentar 3 variantes de soportes e 3 variantes de modelo de soporte na mesma liña de produto que as restantes variantes de mobiliario.

ACLARACION Nº 6:

Marquesinas publicitarias desprazables

O ARTIGO 2.2 A DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PREVÉ O SEGUINTE:

“Malia o anterior, no caso de que por razóns de espazo ou por escasa notoriedade publicitaria desta localización non sexa posible a instalación do panel publicitario como parte da marquesina, a empresa adxudicataria poderá solicitar a súa desprazamento a unha nova localización que deberá ser aprobada polo Concello de Vigo, sen que en ningún caso poida propoñerse por parte da empresa concesionaria o traslado do panel publicitario nun número superior a un 10% das marquesinas sen publicidade que instalen.”

Solicitud de aclaracións:

Entendemos que en caso de que o espazo necesario para a instalación dunha marquesina con panel publicitario sexa insuficiente, o adxudicatario poderá propoñe-lo traslado do panel publicitario a outro emprazamento ata o 10% das marquesinas que se vaian instalando.

Solicitamos ó Excmo. Concello que nos confirme que o número de emprazamentos sen espazo suficiente para instalar unha marquesina con panel publicitario será inferior ou igual ó 10% das marquesinas que deben instalarse, é dicir un máximo do 10% das 277 (127 + 100 + 50) marquesinas que os licitadores deben instalar no primeiro ano e un máximo do 10% das 25 anuais que poderán instalarse nos 15 primeiros anos de contrato.

No caso que o número sexa superior ó 10% solicitamos que nos indique o número de marquesinas sen publicidade que o concesionario terá que instalar dado que non poderán nin incorporar panel publicitario, nin ter un panel publicitario desprazado.

Resposta :

ACLARACIÓN NÚM. 6 Art. 2, 2 A Paneis publicitarios desprazables

O número de marquesinas nas que non procederá a instalación de panel publicitario virá determinado polo interese publicitario da empresa adxudicataria e non por imposición municipal, sen que sexa posíbel fixar por este motivo o núm. de marquesinas sen publicidade que se vaian a instalar. O núm. dependerá da decisión da empresa unha vez estudados os emprazamentos indicados polo Concello para a instalación atendendo á demanda dos usuarios e viabilidade da instalación en atención ao espazo dispoñíbel.

ACLARACIÓN Nº 7:

Número de soportes de información

O ARTIGO 2.2 C DO PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PREVÉ O SEGUINTE:

O número máximo de soportes non deberá supera-la cifra de 100 unidades.

(...)

Adicionalmente nun número mínimo de 10 deberán de ser soportes interactivos e o seu emprazamento deberá ser decidido polo Concello, senón se atopara de acordo coa proposta, formulada pola empresa adxudicataria.

Solicitud de aclaracións:

Entendemos que o número total de soportes de información é 110 dos cales:

- . 100 son soportes de información estática*
- . 10 son soportes de información interactiva*

¿E correcta a nosa interpretación?

Resposta

ACLARACIÓN NUM. 7 Art. 2,2 C Número de soportes de información

Núm. máximo de soportes de información estática: 100

Núm. mínimo de soportes de información interactiva: 10

ACLARACIÓN N° 8:

Rotatividade

O ARTIGO 3.2 C DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PREVÉ O SEGUINTE:

“Asemade a publicidade será de tipo fixo, gráfica retroiluminada e muda, no ámbito do panel, quedando expresamente prohibidos os mensaxes móbiles sonoros.”

Solicitude de aclaracións:

Entendemos que ó facer referencia a publicidade de tipo fixo os paneis informativos, non poden ter incorporado un sistema de rotatividade das mensaxes publicitarios que permitiría a instalación de varios carteis publicitarios que irían desfilando nun mesmo soporte.

¿E correcta a nosa interpretación?

Resposta

ACLARACIÓN NÚM. 8 Art. 3,2 C Rotatividade

A publicidade ha de ser fixa, sen que se poida incorporar un sistema de rotatividade.

ACLARACIÓN N° 9:

Superficie publicitaria e informativa

O ARTIGO 20 B DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“A menor superficie destinada a explotación publicitaria proposta por parte do licitador no total da súa oferta. Ata 10 puntos.

A maior superficie destinada a información de uso exclusivo municipal. Máximo 5 puntos.”

O ARTIGO 1 DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PREVÉ O SEGUINTE:

“As marquesinas instaladas por VITRASA con publicidade e sen publicidade, serán substituídas polo novo adxudicatario, polas marquesinas do novo modelo unificado elixido polo Concello de vigo, para toda a cidade. A

súa substitución producírase a partir do ano 2020 ou no seu caso das prórrogas previstas no contrato da concesión do servizo urbano colectivo de viaxeiros, data na que finalizan os dereitos que sobre as mesmas ten VITRASA.”

O ARTIGO 3.2 DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PREVÉ O SEGUINTE:

“En calquera caso, ao obxecto de non saturar a cidade de publicidade, se establece unha superficie publicitaria total máxima que se fixa en 1.500 metros cadrados.

Se determina así mesmo que a superficie total mínima de espazo destinado a información de uso exclusivo municipal en marquesinas e demais soportes informativos non debe ser inferior a 300 metros cadrados.”

Solicitude de aclaracións:

Entendemos que ós efectos tanto da valoración das ofertas (criterio B) como do respecto do máximo de 1500 m2 de publicidade e do mínimo de 300 m2 de información municipal, para o cómputo das superficies destinadas a explotación publicitaria e información municipal, se deben incluí-las marquesinas que se instalarán en substitución das de VITRASA (aínda que estas últimas só poderán instalarse a contar do ano 2020, data de finalización do contrato de VITRASA).

¿E correcta a nosa interpretación?

Resposta:

ACLARACIÓN NÚM. 9 Superficie publicitaria

Para a valoración das ofertas en canto ao cómputo da superficie destinada a explotación publicitaria e información municipal non se incluírán as marquesinas que se instalarán en substitución das de Vitrasa no ano 2020 data de finalización do contrato de Vitrasa.

ACLARACIÓN Nº 10:

Impostos sobre Canon

O ANEXO II DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“(…) A este efecto fáise constar que coñece o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas que rexen a convocatoria, que acepta incondicionalmente ¿? as súas cláusulas, que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que se compromete en nome de (propio ou da empresa que representa), a tomar ó seu cargo o mencionado contrato, con estricte suxección ós expresados requisitos e condicións e ofrece o canon anual de por cada m2 de publicidade comercial.

En dito prezo inclúese as cantidades correspondentes ao imposto sobre o valor engadido (I.V.E.) así como calquer outro imposto ou gasto que sexa de aplicación ao presente contrato.”

Solicitude de aclaracións:

Solicitamos que nos aclare se o imposto a aplicar sobre o canon é o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ou o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais (ITP) que se aplica xeralmente ó canon deste tipo de contratos de mobiliario urbano con publicidade.

Resposta

O I.V.E., pero calquer outro imposto que poidera grava-lo contrato será por conta do contratista.

ACLARACIÓN Nº 11:

Reloxos-termómetro

O ARTIGO 2.2 D DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PREVÉ O SEGUINTE:

“O adxudicatario queda obrigado a instalar durante calquera ano da concesión, se así o decidira o Concello, os paneis de información reloxo-temperatura no número e emprazamento que o Goberno Municipal estime conveniente coa única contraprestación da explotación publicitaria dos mesmos.”

Solicitud de aclaracións:

- 1) Solicitamos ó Excmo. Concello de Vigo que nos indique as cantidades aproximadas de reloxo-termómetro que os licitadores deberán instalar e os prazos en que deberán instalalos durante a execución do presente contrato.
- 2) Entendemos que ós efectos tanto da valoración das ofertas (criterio B) como do respecto do máximo de 1500 m² de publicidade e do mínimo de 300 m² de información municipal, para o cómputo das superficies destinadas a explotación publicitaria e información municipal, non se deben incluí-las de ditos reloxo termómetros.

¿E correcta a nosa interpretación?

Resposta:

ACLARACIÓN NÚM. 11 Reloxos Termómetro Art. 2,2 D

Para a valoración das ofertas en relación coa superficie máxima destinada a explotación publicitaria e superficie mínima de información municipal non se deben incluír os reloxo-termómetro.

A posíbel futura instalación dos mesmos se realizaría de acordo coa empresa adxudicataria.

ACLARACIÓN Nº 12:

Data e horario de apertura dos sobres

O ARTIGO 16 DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

1. *“Constitución da Mesa de Contratación*

1.1 A Mesa de Contratación constituirase ás 11,30 horas do primeiro luns seguinte ó remate do prazo para a presentación das proposicións. No suposto de que fora día inhábil reunirase ó día seguinte.

(...)

2. *Apertura das Proposicións (sobre núm. 2)*

2.1 O acto público de apertura das Proposicións realizarase no Concello, ás 11,30 horas do primeiro luns seguinte á data de remate do prazo de presentación de proposicións.”

Solicitud de aclaracións:

Entendemos que as aperturas do sobre nº 1 da documentación administrativa e do sobre nº 2 das proposicións se realizarán o mesmo día á mesma hora, é dicir o primeiro luns seguinte á finalización do prazo para a presentación das ofertas, o luns 9 de outubro de 2006 ás 11.30 horas.

¿E correcta a nosa interpretación?

Resposta: SI I

ACLARACIÓN Nº 13:

Clasificación de Productos por actividades

O ARTIGO 1 DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“O contrato inclúe os seguintes produtos e actividades de acordo coa nomenclatura da Clasificación d Productos por actividades 2002: 452173 e 744020”

Solicitud de aclaracións:

¿A qué produtos se refiren?

Resposta:

452173: Montaxe de outras estrutura prefabricadas

744020 Venda de espazos publicitarios

ACLARACIÓN Nº 14:

Real Decreto 171/2004 de Coordinación de actividades empresariais

O ARTIGO 29 DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“Antes do inicio da execución do contrato, o adxudicatario terá que acreditar por escrito

ante o Concello de Vigo servizo xestor do expediente as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de actividades empresariais”

Solicitud de aclaracións:

¿A qué se refire co que ten que acredita-lo adxudicatario segundo o artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de actividades empresariais?

Resposta

Como xa se expon no prego de clausulas administrativas no seu artigo 29 e concretamente nos seus dous últimos paragrafos, ó seguinte:

- Que o contratista e as súas subcontratas realizaron para o servizo obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que o contratista e as súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos

ACLARACIÓN Nº 15:

Clasificación do contrato e Publicación no DOUE

O ARTIGO 2 DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“1.- Este prego de condicións regula un contrato administrativo especial definido no artigo 5-2 parágrafo b do TRLCAP.”

Solicitud de aclaracións:

15.1. Tras ter analizado as características do presente prego e os criterios de adxudicación consideramos que a parte de xestión do servizo público solicitado polo Excmo. Concello é a máis importante na execución do contrato e polo tanto entendemos que a natureza do presente contrato é de xestión de servizo público e non un contrato administrativo especial como o define o artigo 2 do Prego de condicións Xurídico-Administrativas.

15.2. O anuncio para o presente concurso foi publicado o 30 de agosto de 2006 no D.O. Galicia, o 31 de agosto de 2006 no B.O.P. Pontevedra e o 1 de setembro de 2006 no BOE.

O artigo 78.3 da LCAP prevé a publicidade das licitacións no Diario Oficial das Comunidades Europeas nos casos e prazos sinalados no seu articulado para os contratos de obras, subministro, consultoría e asistencia e dos de servizos.

Entendemos que no caso do presente concurso, débese realizar a publicación do concurso no Diario Oficial das Comunidades Europeas. O noso parecer, o anuncio non se ha publicado no DOUE, o que vería a constituir un

motivo de posibel anulación da presente licitación unha vez remitido as ofertas e adxudicado o contrato, creando un prexuízo tanto ó Excmo. Concello de Vigo como a todos os licitadores incluído o adxudicatario.

Por todo elo, solicitamos ó Excmo. Concello de Vigo denos resposta ó respecto.

Resposta:

Respecto da primeira das aclaracións en modo algún o prego regula un contrato de prestación de servizo público, xa que o obxecto do contrato non se encontra dentro da relación de servizos públicos que a lexislación vixente encomendalle a prestación ó Concello de Vigo.

En canto a publicidade do contrato é correcta a realizada e para maior abundamento reproducimos o artigo 78 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 que regula a publicidade dos contratos.

“Artículo 78. Publicidad de las licitaciones.

1. Todos los procedimientos para la adjudicación de los contratos, con excepción de los procedimientos negociados, se anunciarán en el Boletín Oficial del Estado. Estos últimos también serán objeto de anuncio en dicha publicación, cuando por razón de su cuantía esten sujetos a publicidad en el Diario Oficial de las Comunidades Europeas. No obstante, las Comunidades Autónomas, entidades locales y sus organismos autónomos y entidades de derecho público, cuando se trate de contratos que por su cuantía no hayan de publicarse en el Diario Oficial de las Comunidades Europeas, podrán sustituir la publicidad en el Boletín Oficial del Estado por la que realicen en los respectivos diarios o boletines oficiales.

2. En los procedimientos abiertos la publicación se efectuará con una antelación mínima de quince días al señalado como el último para la admisión de proposiciones. No obstante, en los contratos de obras, dicho plazo será de veintiséis días.

En los procedimientos restringidos el plazo será de diez días anteriores al último para la recepción de las solicitudes de participación y el plazo para la presentación de proposiciones será de quince días desde la fecha del envío de la invitación escrita.

En los procedimientos negociados con publicidad los plazos de recepción de solicitudes de participación deberán coincidir con los resultantes respecto de la fecha del envío del anuncio del contrato a la Oficina de Publicaciones de la Comunidad Europea y que se especifican en los artículos 140.2, 181.2 y 209.2.

3. Los procedimientos relativos a los contratos regulados en el Libro II, Títulos 1, III y IV de esta Ley, se anunciarán, además, en el Diario Oficial de las Comunidades Europeas en los casos y plazos que se señalan en su articulado y conforme al procedimiento y modelo oficial establecidos por la Comunidad Europea y podrán serlo voluntariamente en los demás supuestos. El envío del anuncio al Diario Oficial de las Comunidades Europeas deberá preceder a cualquier otra publicidad. En todo caso esta última publicidad deberá indicar la fecha de aquel envío y no contener indicaciones distintas a las incluidas en dicho anuncio.”

ACLARACIÓN N° 16

Declaración de sumisión ós xuzgados españois

O ARTIGO 11 DO PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS PREVÉ O SEGUINTE:

“Deberán acompañar declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder a cada licitante”

Solicitude de aclaracións:

Entendemos que as empresas españolas non deben aportar ningunha declaración de someterse á xurisdición de xuzgados e tribunais españois.

¿É correcta a nosa interpretación?

Resposta:

Si é correcta.

ACLARACIÓN N° 17

superficie publicitaria por mobiliario

O ARTÍCULO 3.2 DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PREVÉ O SEGUINTE:

“Os soportes publicitarios propostos polos licitadores non poderán exhibir publicidade nun formato publicitario superior a 7 metros cuadrados”

Entendemos que a superficie máxima de 7 m² fai referencia á superficie visibel de cada cara publicitaria por soporte e non á superficie total visibel por soporte publicitario.

¿É correcta a nosa interpretación?

Por todo o cal, a ese Excmo. Concello,

Resposta:

ACLARACIÓN NÚM. 17 Superficie publicitaria por mobiliario Art. 3,2 D

A limitación de 7 metros cuadrados é referente ao formato publicitario por cada cara publicitaria

De acordo co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 corresponde ó Órgano de Contratación a prerrogativa de interpreta-lo contrato e resolve-las dúbidas, polo que deberá ser a Xunta de Goberno Local quen se pronuncie sobre as respostas as cuestións plantexadas por “El Mobiliario Urbano S.L.”

A vista das anteriores circunstancias proponse a Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Contestar as aclaracións presentadas por El MobiliarioUrbano, S.L. na forma proposta na parte expositiva de este informe.

2º.- Publicarse na páxina Web do concello tanto as aclaración e a súa resposta para coñecemento xeral.

3º.-. Notificar a presente resolución a El Mobiliario Urbano, S.L. e a calquera licitador que así o solicite.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Contestar as aclaracións presentadas por El MobiliarioUrbano, S.L. na forma proposta na parte expositiva de este informe.

2º.- Publicarse na páxina Web do Concello tanto as aclaración e a súa resposta para coñecemento xeral.

3º.-. Notificar a presente resolución a El Mobiliario Urbano, S.L. e a calquera licitador que así o solicite.

29(1305).- DECLARAR DESERTO O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FAMILIA E INFANCIA. EXPTE.13365/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Asesoría Xurídica do 21.09.06 e do xefe da Área de Contratación de Novos Proxectos, do 19.09.06, ambos solicitados por acordo da Xunta de Goberno local do 30.08.06; visto o informe do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 25.09.06, e de acordo coa proposta da delegada da Área de Participación Cidadá, da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar deserto o concurso para a contratación do servizo de Familia e Infancia deixando sen efecto as actuacións practicadas ata agora.

30(1306).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez